



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO SOCIO-EDUCATIVO COMUNITARIO E PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO MEDIO RURAL A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL RESIDENTES EN GALICIA NO EXERCICIO 2018

Santiago de Compostela, - 8 OUT. 2018

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).


Doutra parte:

Don Xosé Ramón Girón García con DNI: 33.214.346 T, que actúa en nome e representación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON EFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (FEAFES GALICIA), con CIF: G-15545353, en virtude da súa condición de representante dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Intervenien en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

- I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española,





XUNTA DE GALICIA

ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade e persoas con dependencia, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que FEAFES GALICIA figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0906, ten por finalidade promover a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas en situación de dependencia con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas coidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil, como é o medio rural.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FEAFES GALICIA para contribuir ao financiamento das actuacións relacionadas co desenvolvemento dun programa de apoio ás persoas con enfermidade mental orientado á promoción da autonomía persoal e á prevención da situación de dependencia.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, FEAFES GALICIA é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias/e ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao





XUNTA DE GALICIA

colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións. Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa apoio socio-educativo comunitario e prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades que conleva o programa orientado ao apoio socio-educativo comunitario e a prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia que FEAFES GALICIA ten previsto desenvolver durante o ano 2018

Este proxecto ten como destinatarios persoas con trastornos mentais non diagnosticadas e non perceptoras de atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia, pertencentes ao medio rural.

SEGUNDA: Actuacións subvencionables

As actuacións subvencionables durante o período de vixencia son:

- Atención de proximidade no ámbito rural a persoas que en moitos casos nunca acudiron ao psiquiatra nin aos servizos sociais nin a entidades de ningún tipo en zonas e lugares onde non hai servizos de atención especializada. Prestase mediante equipos volantes e non en domicilio. A súa finalidade é integrar aos destinatarios na vida comunitaria e no uso dos servizos sociais e acercar á comunidade á enfermidade mental e o que implica.
- Apoio psico-social no espazo de convivencia (familiar e socio-comunitario), dirixido a apoiar a permanencia das persoas no seu entorno habitual, promovendo a súa independencia nas súas actividades cotiás e a súa integración socio-comunitaria.
- Unidades de acompañamento comunitario
- Apoio socio-educativo, coordinación técnica do programa, seguimento, desprazamentos ás zonas e reforzo na difusión do programa

No anexo a este convenio detallase respecto a cada unha das actuacións indicadas o obxectivo xeral e específico que se persegue, número estimado de potenciais beneficiarios, ámbito xeográfico no que se vai desenvolver, actividades nas que se





XUNTA DE GALICIA

concreta, recursos humanos implicados e período de desenvolvemento.

Daráselle especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

FEAFES GALICIA terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

TERCEIRA. Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará cen mil euros (100.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 12.04.312D.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

CUARTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- **Presentación dun método de imputación** de custos indirectos.

QUINTA: Gastos imputables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:





XUNTA DE GALICIA

- a) Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio e deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Por cada viaxe deberá informarse do motivo da viaxe e lugar de reunión.
- c) Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden;
- d) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto da subvención ou co mantemento de FEAFES GALICIA e das entidades federadas; estes deberán ser moderados.
- e) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non está incluído no aluguer), comunicacións, seguros de responsabilidade civil, etc.
- f) O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.
- g) Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Non se subvencionarán gastos correntes nin de persoal correspondentes a centros asociados a FEAFES GALICIA que teñan relación contractual cunha administración pública, no ámbito das súas competencias estatutarias. Para estes efectos consultarase de forma automática as entidades e/ou centros asociados a FEAFES GALICIA que teñan subscrito un contrato coa administración pública, agás que conste oposición expresa tal e como sinala o artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.





XUNTA DE GALICIA

SEXTA. Obrigas da entidade

FEAFES deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir as seguintes obrigas previstas no artigo 11 da mencionada lei:

- a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que deba efectuar o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se





XUNTA DE GALICIA

realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social", co seu respectivo logotipo.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

i) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

j) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

SETIMA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

OITAVA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a Entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) Ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo) poderán acordarse ata cinco pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do responsable da entidade xunto coa documentación recollida na cláusula oitava.





XUNTA DE GALICIA

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, tralo consentimento expreso da entidade. De opoñerse á consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento.

NOVENA: Documentación xustificativa

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2018**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

No momento de presentación da xustificación do convenio, en todo caso con data límite do 10 de decembro do 2018, a entidade presentará a seguinte documentación:

- a) Un informe-memoria de cada unha das accións levadas a cabo e/ou actividades realizadas ao abeiro deste convenio, acompañando dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, do cumprimento de que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins obxecto deste convenio para os que foron concedidas.
- b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:



XUNTA DE GALICIA

- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación. Así mesmo nos gastos comúns a outras finalidades distintas a este convenio deberán establecer a porcentaxe destinada a este convenio.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación a este convenio.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na relación á que se fai referencia no 1º parágrafo.

- Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación.

- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

- Os 3 orzamentos que deba ter solicitado o beneficiario, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultaría ou asistencia técnica.

- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2018. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da





XUNTA DE GALICIA

documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que poderá presentarse na primeira quincena de febreiro de 2019.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade de FEAFES GALICIA.

DECIMA. Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DECIMO PRIMEIRA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no





XUNTA DE GALICIA

desenvolvemento do convenio.

FEAFES asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

DECIMO SEGUNDA: Subcontratación

FEAFES GALICIA é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xustificando que estas se realizan consonte as condicións normais de mercado.

FEAFES GALICIA, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMO TERCEIRA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo.


Esta comisión reunirse por petición de calquera das partes, e estará formada por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social.

Esta comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015 e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA: Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.





XUNTA DE GALICIA

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FEAFES GALICIA dende o 1 de xaneiro de 2018 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO QUINTA. Transparencia e bo goberno

De conformidade co disposto na Lei 1/2016 e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA: Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de Protección de datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.





XUNTA DE GALICIA

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO OITAVA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 139/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.





XUNTA DE GALICIA

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.


E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA
SOCIAL**



Fabiola García Martínez

**O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN
DE ASOCIACIÓNS E FAMILIARES
DE PERSOAS CON
ENFERMIDADE MENTAL DE
GALICIA**



Xosé Ramón Girón García





XUNTA DE GALICIA

ANEXO

1.-ATENCIÓN DE PROXIMIDADE NO AMBITO RURAL

● Obxectivos

⇒ **O. Xeral:** Aumentar o coñecemento sobre a enfermidade mental e como impacta nas súas poboacións, nas comarcas e lugares obxecto do proxecto e na comunidade autónoma en xeral.

⇒ **O. Específicos:** Ofrecer un servizo de proximidade ás persoas con enfermidade mental, ás súas familias ou achegados nas comarcas e lugares obxecto do proxecto e puntualmente nas delegacións da Federación en Santiago de Compostela, Vigo e Lugo.

● **Nº beneficiarios previstos:** 150

● **Ámbito xeográfico:** Comarca de Ordes, Iria e Santiago, Comarca de Condado- Paradanta e provincia de Lugo en particular e nas delegacións da Federación en Santiago, Vigo e Lugo.


● **Tipo de intervención /Actividades:** Entrevistas e intervencións con aquelas familias, achegados ou persoas con enfermidade que o demanden ou sexan derivadas por profesionais do ámbito social ou sanitario (preferentemente, aínda que non exclusivamente dende estes ámbitos) das diferentes zonas de intervención. Grupos de atención e traballo de mediación e monitorio permanente. Ademais se inclúen actividades de información social e comunitaria con entidades, concellos e outros recursos sociosanitarios das comarcas.

● R. Humanos

⇒ Profesionais das asociacións federadas (psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais principalmente).

⇒ Persoal administrativo.

● **Calendarización:** 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2018





XUNTA DE GALICIA

2.- APOIO PSICOSOCIAL NO ESPAZO DE CONVIVENCIA (FAMILIAR E SOCIOCOMUNITARIO)

● Obxectivos

- ⇒ **O. Xeral:** Promover as accións de apoio psicosocial nos espazos de convivencia.
- ⇒ **O. Específicos:** Apoiar ás persoas con enfermidade mental ,ás súas familias e achegados, que por razóns derivadas das características do seu lugar de residencia e o seu entorno socio-comunitario, non poidan acceder aos servizos de atención dunha forma normalizada, regular e permanente.

● Nº beneficiarios previstos: 40

- **Ámbito xeográfico:** Comarca de Ordes, Iria e Santiago, Comarca de Condado- Paradanta e provincia de Lugo en particular e nas delegacións da federación en Santiago,Vigo e Lugo.

Tipo de intervención/ actividades: Promoción e achegamento das intervencións aos domicilios no medio rural galego a través de actividades ocupacionais, accións domiciliarias de soporte e seguimento, traballo coas familias e achegados, apoio socio-educativo e psicosocial. Integración e accións comunitarias

● R. humanos:

- ⇒ Profesionais contratados polas asociacións (psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais principalmente).
- ⇒ Persoal administrativo

● Estandarización: 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2018





XUNTA DE GALICIA

3.- UNIDADES DE ACOMPAÑAMENTO COMUNITARIO

● Obxectivos

- ⇒ **O.Xeral:** Evitar o illamento social e persoal das persoas con enfermidade mental no medio rural galego.
- ⇒ **O.Específico :** Atender ás persoas con enfermidade mental ,as súas familias e achegados, que por razóns derivadas das características do seu lugar de residencia, non poden acceder aos servizos de apoio socio-educativos e comunitarios dunha forma normalizada e regular.

● Nº beneficiarios previstos: 20

- **Ámbito xeográfico:** Comarca de Ordes, Iria e Santiago, Comarca de Condado- Paradanta e provincia de Lugo en particular e nas delegacións da federación en Santiago,Vigo e Lugo.



Tipo de intervención/ Actividades: Acompañamentos da vida diaria, acompañar a familias, mediacións entre familiar e usuario para a resolución de conflitos, acompañar para coñecer e usar os recursos da súa comunidade mais próxima.

● R. humanos:

- ⇒ Profesionais contratados polas asociacións (psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais principalmente).
- ⇒ Persoal administrativo

● Calendarización: 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2018



XUNTA DE GALICIA

4.- APOIO SOCIO-EDUCATIVO, COORDINACIÓN TÉCNICA DO PROGRAMA, SEGUIMENTO, DESPRAZAMENTOS ÁS ZONAS E REFORZO NA DIFUSIÓN DO PROGRAMA

● Obxectivos

- ⇒ **O.Xeral:** Mellorar da cohesión e presenza do movemento asociativo en zonas de sombra e cunha cobertura de servizos precaria ou inexistente no ámbito rural galego
- ⇒ **O.Específicos:** Mellorar o soporte técnico e institucional das intervencións así como documentar as boas prácticas que se poidan levar a cabo no territorio

- **Nº de persoas beneficiarias estimadas:** 2.500 familias e persoas con enfermidade mental das provincias de A Coruña, Pontevedra e Lugo.



- **Ámbito xeográfico:** Galicia (3 delegacións de FEAFES GALICIA: Santiago, Vigo e Lugo e as asociacións integradas na Federación).



- **Tipo de intervención/ Actividades:** Xuntanzas internas e externas entre os membros do movemento asociativo para a coordinación e seguimento, audiencias con responsables das distintas administracións e entidades sociais, culturais, deportivas ou educativas que poidan ter relacións co programa nas zonas de intervención. Apoio técnico na implementación de accións socio-educativas e documentación de boas prácticas e soporte en ferramentas de difusión e comunicación do servizo.

● Recursos Humanos

- ⇒ Pedagogo coordinador
- ⇒ Persoal administrativo
- ⇒ Técnica de Comunicación

Calendarización de actividades: 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2018